


Documento distribuído por
 culturagalega.org

**Artigos de Corona
González en *A Nosa
Terra. Idearium das
irmandades da fala*
1926-1930**



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Índice

Carta de Corona Gonzalez ao Administrador de <i>Lar</i>	p 2
Fonte: <i>ANT</i> , nº 221 (1-2-1926), p.10	
“Para os da terraña” I	p 3
Fonte: <i>ANT</i> , nº 230 (1-11-1926), p. 7-8	
“Para os da terraña” II	p 5
Fonte: <i>ANT</i> , nº 232 (1-1-1927), p. 3-4	
“Pr’os pais que tein fillas”	p 7
Fonte: <i>ANT</i> , nº 235 (1-4-1927), p. 9-10	
“Como se encaran os diversos casos por eiquí abaixo”	p 9
Fonte: <i>ANT</i> , nº 236 (1-5-1927), p. 4	
“O egoísmo de ultratumba”	p 10
Fonte: <i>ANT</i> , n 237 (1-6-1927), p. 6	
“Saudades”	p 11
Fonte: <i>ANT</i> , nº 241 (1-10-1927), p. 7	
“Vaidades encol do reco”	p 12
Fonte: <i>ANT</i> , nº 244 (1-1-1928), p. 3-4	
“O fogo”	p 14
Fonte: <i>ANT</i> , nº 245 (1-2-1928), p. 4-5	
“¿Porque sería a batalla?”	p 15
Fonte: <i>ANT</i> , nº 248 (1-5-1928), p. 9	
“A bordo do ‘Arlanza’”	p 16
Fonte: <i>ANT</i> , nº 258 (1-3-1929), p. 2-3	
“¡Sempre as ditosas saudades!”	p 18
Fonte: <i>ANT</i> , nº 264 (1-9-1929), p. 4-6	
“Nunca se debe perder a esperanza”	p 21
Fonte: <i>ANT</i> , nº 269 (1-2-1930), p. 5-7	

*
*
*

Sin o consentimento previo da súa autora e aínda nos espendo a lle producir a tan galega dona unha contrariedade, —para a que, cortesmente, pregamos perdón que non duidamos nos conceda — imonos á permitir a publicación da carta que a seguido insertamos, movéndonos a faguelo o entusiasmo que a súa lectura produxo en nós pol-o que ten de revelante mostra da enxebreza da dona que a escribiu e de exemplar proba de amor a fala, como espoñente éste o mais outo en que afinca a nosa personalidade, e ao que cobizamos de cote, practicado pol-as nosas mulleres vilegas.

Esta carta trouxonos, por si nos fosen percisos, a comprobación de que as nosas doutrinas van prendendo nas almas boas e a renovación de azos de estímulo pra perseverar, cada día con mais fondo senso patriótico, nesta Santa Cruzada que emprendimos pol-a redención de Galicia.

¡TERRA A NOSA!

A Rúa 30 - X - II - 925

Sr. Administrador de "Lar"

A Cruña

Moi distinto señor:

Remítolle 13'50 pesetas por xiro postal para que teña a bondade de abonarme a revista "A Nosa Terra" e a novela "Lar" por un ano coa dirección seguinte: Corona González (Orense) A Rúa e mais tarde cando saia de Hespaña, pois eu veño a vivir cuase sempre no extranxeiro, enviareille a nova dirección.

Mándolle 0'30 mais para que o número do día 1.º do "Lar" o remita a París con esta dirección: Señorita Ruth Lisboa 4 rue Lyautex (XVI) e despois continúa a mandar o outro número aquí hasta novo aviso. Tenciono procurarlle n' América algús abouamentos pois fième mui grato protexer os xornaes galegos.

Sua afeta. q. ll. e. a. m.

CORONA GONZÁLEZ

PARA OS DA TERRIÑA

So unha persoa que teña estado n'América que conoza os nosos coitados galegos e galegas que saen da terra cheios de entusiasmo e de vida ilusionados pol-as leonlinas *grosas* gravatas e aneis, e elas pol-as puntillas e vestidos de seda comprados en Vigo e desembarcar ou antes de embarcar (que os comerciantes lle venden cousas de hai 5 ou 6 anos dicíndolle que é a moda e por iso vemos chegar a moitos mal vestidos que nos anos que lá levo nunca conseguín ver a ningún vestido como os que vemos chegar, e eles compran todo para chegar elegantes na terra, pode avaliar os enormes sacrificios que eses *trapos* representan!

Aquí vemos a parte bonita vemos os que voltan, lá vemos os que non poden voltar. Moito teño conversado con ises coitados e comprendo os moito bem!

Cantas vendo a necesidade das súas casas embarcan casi sen roupa sen diñeiro cheas de ilusión pensando na veciña que voltou fai un ano e trouxo moitos cartos e vestidos. ¡Si esa veciña falase, si fose franca, si contase todo, pode ser que esta última lá non fose! Cando chega leva unha dirección para a casa d'unha conocida ésta dálle comida dalca alcontre onde traballar ficou empeñada con a embarcación na Hespaña, é preciso ganar logo aquel diñeiro para non pagar grandes intereses, por outro lado as cartas da familia chegan contando tristezas e *pedindo diñeiro* d'iso non se esquecen, coidan todos que abonda chegan n'América pra ficar ricos e o máis interesante que do momento que saen da casa paterna xa non se contan como fillos, so son fillos pra mandar diñeiro pero ninguén se lembra de mandarllo iso sería un absurdo - Si ten sorte, *sexa da forma que fór si aparece con moito diñeiro* é ben recibida por toda a familia, aínda que por trás se marmule mais si chega sen un palaco ninguén comprende que se veña d'América sen ser rico e é mal recibida, estorba en todos lados e buscan exempros de outras que chegaron ricas, pra cada momento contarllo.

O noso mal e a falta de instrución; debíase castigar aos pais obriga-los a dar instrución a seus fillos conforme a súa posición esc sería o único medio de que respetasen os galegos, é moito triste ver a forma como os tratan lá, dá pena a chegada de un vapor cando comencan a desembarcar todos suxos cuase sen roupa, e a maior parte sen saber ler. O vapor seméllase á un furmigueiro van saíndo as furmigas suxas e como elas van en busca de traballo e comida, mais d'aquiles que chegan. ¡Cántos morren esmagados xa pol-a fame xa pol-os desgostos e contrariedades! ¡poucos voltan!

¿Qué pode facer esta xente? so traballos manuaes e para chegar a gañar o diñeiro necesario para vivir é á custa de moitos sacrificios, e vivindo suxos e comendo pior que na terra, si as enerxías que van gastar lá, as empregasen esforzándose a traballar na nosa terra pode ser que chegasen a gañar mais que lá ¿Porqué se cree que pra América é so embarcar para ficar ricos? pensemos por un momento un home ou muller con a roupiña que mandou facer con o diñeiro da embarcación e casi sen nada pra cando chegasen lá, en lugar de *metelo* (porque os melen eles non saben onde van) n'un vapor que vai pra Cuba ou Bós Aires o melen n'un que vae pra Barcelona, desembarca e comenza a procurar onde traballar, pero non pode dormir na rua, nen pasar sen comer, para todo isto precisase diñeiro ¡Cánta miseria hasira poder voltar con diñeiro e leonfinal e ahí pol-o menos non ouviria falar mal da Hespaña, como n'América e de cousas que non sabe, róznlle as entrañas e non pode responder porque non sabe do que se fala, so conoze que o ridiculizan e como non conoze Hestoría non sabe responder pra achicar a todos e maldicése de non lle ter insinadado pol-o menos a ler pra saber algo.

As persoas que falañ mal da Hespaña e son casi todos os estranxeiros - é falta de coñecementos e da nosa hestoría,

Os sentimentos patrióticos triptcanse soio con

atravesar á fronteira e creio que un dos motivos maiores que obriga a os hespañoles a quererse instruír aproveitando horas de sono é o querer saber responder a moitas indirectas que lle boían ao seu país.

Quen lea unha carta da familia, lê todas, o mesmo fai que sean mais ben educados que menos o fondo é sempre o mesmo contando miserias e pedindo diñeiro «O último que mandaches non chegou casi pra pagar o que debía Deus, cho pague, ve si podes mandar outro pouquiño» e o pobre non pode levantar cabeza nen facer algunha economía pra montar algún negocio precisa traballar dous anos ou tres pra gañar a embarcación pra lá e pra cá como non ten instrución ningunha non pode sahir d'iso.

E preciso ver como os ingleses e alemáns van pra América, os alemáns sobretodo. a mayor parte falan uns tres idiomas, van xa con emprego desde a Alemania chegan van pra Bancos e casas comerciais alemás e o que vae sen emprego sabe gañar a vida decentemente xa en comisiós, xa montando cualquier negocio hasira a crédito dado pol-as outras casas alemás que teñen confianza no seu patricio.

¿Qué casa hespañola podería facer iso con os nosos casi analfabetos? e é por iso que tanto os alemáns como os ingleses, e os italianos *un pouco*, son mais ben recibidos e non se teñen en tan mal conceuto, nos soinos ofendidos en toda a parte, aquí na Francia cando se enfadan, a cualquier estranxeiro chámalle suxo hespañol, no Brasil e Portugal cando se quere ofender a unha persoa chámalle «gallego» na Arxentina pode ser andaluz ou catalán, sendo hespañol é *gallego*.

O millor presente pra todos que queiran embarcar é o «Manejo da rúa», li esta novela e cando acabei dirixime pra unha persoa que estimo moito e dixenlle, este Xosé Lesta Meis estivo na América con certeza, pois o que describe é a verdade espida pena é que non podan ler esta novela todos antes de embarcar,

CORONA GONZALEZ

París - Outubro

O nome de Coroa González non é desconocido para os lectores de A NOSA TERRA pois non fai moito tempo temos publicado unha sua

carta ao se suscribir á nosa revista, carta concebida n'uns termos de sincero e entusiasta cariño pol-a literatura e idioma galegos.

Hoxe hórnanos enviando o artigo precedente que trata d'un problema de gran intrés para Galicia do que xa moito sence falado e que como se ve enfoca a distinta, dona d'un xeito acertadísimo. Rebza ao mesmo tempo na sua aufera unha preocupación fonda pol-as nosas cousas e un santido amor pol-o noso idioma que domina perfectamente e fala e escribe con gran orgulo. Eis un feito de fondo patriotismo e de gran exemplaridade que queremos facer resaltar con estas verbas que encerran tamén un garimoso saúdo para dona tan distinta que sinte de maneira consciente e fonda o problema da Terra.

O «Diario de Galicia», un xornal que tiran en Santiago e que ninguén lá, quixo dar mostras da sua sabencia e chamoulle dialecto ao gallego como si dixera unha cousa nova.

Non sabía que xa o dixeran todol-os fillos desleigados de Galicia, todol-os «pausesos» e mail-o Ciriaco.



pretas escolas que van pouco a pouco renovando a xeografía descritiva pol-o sistema de curtos e suxestivos estudos completos d'hourizontes e de rexions naturás. As terras mais vellamente conosciadas, presas hastra o d'agora na rede das vastas síntesis estilo Replus, toman un aspecto mais vidual, forte e suxestivo, preno de sinificanzas do vivir das terras e das sociedades.

Un dos mestres da paisaxe alránteca é o citado Camille Vallaux. Estudiou a montaña d'Arrée, as costas da súa patria, Bretaña, os fiords noruegos, o bosque céltico de Dartmoor. E sobretudo a mar verde e bruante, a mesma que ecoa nos cons das nosas Mariñas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

PARA OS DA TERRIÑA

Non me podo explicar como non se lén escrito, e falado muito, sobre o engano que existe, e o concepto tan diferente que se lén d'América.

Os nosos emigrantes si pudesen falar, eles nos dirían moita cousa que se ignora, e pode ser que fose o bastante para pensar en instruírse, os que para lá queren ir.

Gostei da nova ley mexicana, e o mesmo a dos Estados Unidos, prohibindo a entrada no seu país a os analfabetos, ese é un ben que nos fan sen querer, non duvido que o galego instruído, a de ser mais disposto e traballador que calquer outro. Nós non precisamos de mestre para aprender certas cousas como outros.

Gosto de reparar e teño visto en varios países, que para todo teñen que ter mestre. Si un é zapateiro non sape coser un anaco de couro n-unha maleta. Si é carpinteiro non cola unha caixa de máquina de escribir. Si é costureira non é capaz de costurar un lazo nun sombreiro. Si fai sombreiros non é capaz de costurar unha blusa. *Por que non aprenderon*, é o que acostuman a responder. ¡Cántos galegos alcontro pol-o mundo que fan cousas que nunca víron facer!

Nós - como moitos lalinos - temos a manía de pensar, o que aínda é peor, de escribir e falar a boca chea, mal das nosas cousas, querendo reformar o país en media hora de conversación, e xa nos coídamos un bocado ben sabidos, cando decimos eiquí na Hespaña non ha nada. Os artistas morren de fame... É un país añasado... Estamos en decadencia...

Si falamos de finanzas, aínda peor. Comenzan por falar de outros países que, o que os escuta non coñece, e fica convencido. Todo que fór noso non é bon, e moitas veces os comerciantes hastra teñen que decir que un artigo é extranxeiro pra vendelo millor ¡Quén non ouviu algunha vez dicir! Compre que é un paino inglés. Compre este sombreiro que acaba de chegar de París. Non pode alcontrar millor xogo de coutelos qu'estes ¡Sonlle alemais!

Temos que desinganarnos si nós que somos galegos, falamos mal das nosas cousas ¿Cómo vamos esperar que un extranxeiro fale ben? Nós somos os primeiros en desacreditarnos, en falar mal do país, mais xa reparci que os mais aferrados en falar, son os que nunca saíron da Hespaña, e esplicase moi ben. Como non coñecen os outros e ten algo que os extranxeiros escriben sobre o seu, fican todos acreditando, e axando que lén moita razón. Todo é falta de patriotismo e de instrucción, non se pode ser patriota sen coñecer a súa Hestoria, por iso, antes de todo, debemos instruirnos, e tratar de coñecer os demais países para facer comparacións sô d'esa forma comprenderemos canto val o noso e a nosa xente. Non quero facer comparacións aquí, por que podía ofender algún país, e o meu desexo non é ese, sê escribo pra ver si abro un pouco os ollos de que embarcan ¡Desgraciadamente, poucos son os que len antes de embarcar!

Teño reparado tamén, como os escritores galegos, pintores e caricaturistas mostran a Galiza. Está moi ben que se cante loores a campiña, ás vaquíñas, ás labregos, ás contri-

buciós, mais tamén temos mais do que iso, e sobre todo temos xente fina, temos mulleres que valen e homens de valor, temos xente fidalga, como no resto da Hespaña. Axo que a nosa terra ten o mesmo que as outras, e mais a vaquiña, etc., etc. Conversando con un francés que se interesa pol-as cousas de Galicia díciame que era unha pena un país tan bonito como o describían, non ter lá se non campesinos. Esplicándolle todo o que nós temos, ficou admirado, pois íl pensaba que habendo todo iso, non comprendía como non se deixaba sosegados ós campesinos e ás vaquiñas, pra ocuparse tamén das outras cousas, pra facer conocer a Galiza por fora.

Cando non se lén instrucción é moi difícil aprender outro idioma. Coñezo persoas que levan dez e quince anos n-un país e nunca aprenden a falar. Xa alcontrei unha vez n-un vapor unha criada que lle *fuxtu* unha palabra castelán, e como cando está un fora da terra, figúraselle ver un patricio ao ver un parente, aproxímeime e faleille en castelán, cal non sería a miña sorpresa, cando me responde en inglés, preguntéille sí falaba inglés e respondume en portugués. A final saquín en consecuencia que non falaba ningún idioma, preguntéille de onde era, e n-unha lingoa descoñecida, disme de Viana do Bolo, d'un pobiño

preto. *Non sabía lei* ¡Aí está a explicación! Non sabía o seu, non podía saber o dos demais. O goberno debía prohibir a saída da Hespaña de todas as persoas que non saben o menos firmar o seu nome.

Non quero citar nomes de persoas, por que poden ofenderse, mais coa nosa emigración véronse casos, revoltantes. Iban os probes como ovellas con os ollos pechados sin saber pra onde. Alguns esperaban os vapores *pra guiar ás hespañolas*, que se deixaban conducir pra lugares, que lle describían casi *Parísos*, ofrecéndolle muito diñeiro, e elas iban confiadas de boa fé, como ovellas mansas *pr'o matadeiro*.

Non acabaría de contar casos que desgraciadamente non son dos mais felices, por que eses son os menos.

En canto á manía que teñen moitas de que chegando na América cásanse de présa podo decir que coñocín moitas familias boas, con tres e catro fillas educadas na Europa, señoritas instruídas, e con fortuna, e pra casar pasan os *mesmos apuros* que as da Galicia. Por iso deben pensar que os casamentos de lá tamén se poden facer eiquí.

CORONA GONZALEZ

París, Nadal, 1926

NO CAMIÑO DE SANT'YAGO

(Proseguimento)

Animosos e contentos, índa que preocupados, principiamos rubil-a-serra pra nós descoñecida e misteriosa.

Pódese decir que, unha gran parte da emoción dó viaxe, a tiñamos condensada en iste longo camiñar pol-a serra, no que, por varias horas, íamos ter que corralgar no altar panteísta da terra, no cumie das montañas, soilos e cara a cara co ceo roxo e dourado pol-o forte sol estival, sen mais les íyos que a comba audaz, subríme e solemne de ises grandes dromedaríos que son os montes.

Non íamos en istá etapa, na búsqueda de belezas arqueolóxicas, porque xa sabíamos que nós tiñamos de alopar; mais en cambio, sabíamos das fortes emocións que sentiríamos ao enfrentarnos coa natureza de fermosura algo salvaxe, e que semellaba, ao deixar lrixo, abrímos os brazos pra nos acoller no seu seo.

Non embargante, no alío do lrixo onde xa emprincipian os gneis, pizarras e micasquistos, ollamos unha casa de lonxa do ano 1777, con algús detalles curiosos.

PR'OS PAIS QUE TEIN FILLAS

As mulleres precisan da educación e da instrucción mais que os homes. Educar unha muller é educar a Sociedade. Educar un home é educar nada mais que un home..! Eles son moi egoístas, o que saben non o reparten con ninguén. A coitada da muller que lle toque un home moito mais instruído do que ela iso é casi sempre, con raras excepcións non ten dereito a dicir nada, non pode dar a súa opinión, porque a cada paso ten que ouvir; cálate que ti non sabes d'iso. ...Esas cousas non son de mulleres... A muller non fala de política... Si se trata de negocios. Déixame que teño que pensar moito e ti non sabes. . Si ven calquer visita de unha persoa un pouco letrada, amiga do marido. Vaite d'aquí que temos que falar...

Moitas veces a muller é intelixente e podía ir moi lonxe con as súas ideas, si o marido tuvese paciencia pra insinal-a, e deixarlle adeguar a tranquilidade necesaria pra desenvolver a súa intelixencia, pois como vive tan constrinxida, sin poder expresar as súas ideas, é unha intelixencia que fica oculta por falta de espazo pra o seu desenvolvemento.

A muller é a que pasa a maior parte do tempo cos fillos, a que se ocupa con eles, a que van formando pouco a pouco o seu carácter, a que lle insina a pronunciar as primeiras palabras e letras; vae formando, pódese dicir, aquela almiña que mais tarde d'esas almiñas sae a sociedade inteira; os nosos héroes, as nosas heroínas, por iso decía que educar a muller é educar a Sociedade. ¡Cómo poderá facer iso unha persoa que non teña coñecimentos ningún? Moitas veces vemos cuase milagres de nais cuase analfabetas, que conseguen con un pouco de esforzo insinar a seus fillos, cousas que nunca aprenderon; mais como saben o tris que é non saber nada. O grande amor de nai lle fai facer ises sacrificios todos.

Os pais concorren, pra isa desgracia, pois dedican a muller só pra dúas cousas; ou pra freira, como si pra esas dúas cousas non se precisase instrucción ningunha. ¡Cánto mais agradabre sería pr'o marido ter unha compa-

ñeira que o pudese axudar en todo, que non ter unha muller só pr'o que non quero dicir?

Pra Deus sería moito mais agradabre ter freiras que soupesen alabal-o, que soupesen expresar o que elas queren, as rezas serían mais claras. ¿Que duda cabe si Santa Tereixa de Xesús non tivese instrución ningunha pra poder expresar todo aquel amor que sentía por Noso Señor, que sufriría moito e perderíamos esa Xoja dos místicos que veio honrarnos?

É necesario aprender a falar a nosa lingua, pra facernos comprender hastra de Noso Señor. Temos que desenganarnos, pra poder expresar as impresións da alma non ha nada como a lingua aprendida dende nenos no berzo ¿Haberá nada que se lle poda comparar a dicir ¡MEU SAN JOSECIÑO BENDITO SALVAME O MEU MARIDIÑO! Que diferenza debe atopar hastra o Santo cando unha galega lle diga MI SAN GOSECITO BENDITO SALVAME MI MARIDITO! e SAN GUAN VENJO PEDIRTE POR MEU HIGO QUE QUERO ME LO SALVES.

Os pais que tein fillos e fillas sô se ocupan da instrución dos fillos, algunhas veces facendo grandes sacrificios incluso empeñándose pra conquistar dar carreira algún, que moitas veces non sae toda a vida de ESTUDAR PRA ESTUDANTE, e d'esa semente sae mais tarde a cantidade enorme, que temos de *señoritos que non sirven pra nada*, si non pra gasiar o que os pais xuntaron con tanto traballo, e vir remañar con o pouco que âs coitadas das irmãs lle ficou; vein pr'a Aldea, erguéense tarde, paseian, xúntanse con o secretario, farmacéutico, xuez e crego, pra falar de política, querendo reformar o país en media hora, dando suas opinións que, quen os esculle parecen sabios, mais na realidade nunca deron *unha proba que serviron pra algo*. Da casa ô Casino, do Casino pra casa: así pasan os días. As coitadas das irmãs tein que ver os obreiros, coidar da labranza, traballar moito, pr'o señorito gasiar e elas privándose de moitas cousas, por que son as primeiras a recoñecer a superioridade do LAMBON, que as ten asustadas decíndolle a cada

paso. «Vosotras no sabeis nada de eso, sois unas analfabetas» sin pensar que o analfabetismo d'elas concorre pra il saber o que sabe.

A muller precisa saber gañar a vida sin non fôr mais, pol-o menos tanto como o home. A muller pra abrirse camiño na vida pasa moitos mais apuros e desgostos - sen contar os traballos - que o home. É necesario insinarlle a traballar, pra ser independente, e facerlle comprender que non é necesario o casamento, nen ser monxa, pra ser feliz n'este mundo. Só pode adequerir a súa independencia por medio do traballo, e o día que as nosas mulleres podan gañar a vida independentemente, sin precisar de ninguén, terán independencia de carauter, e poderán casarse, ou non, sin ter medo a quedar solteiras, pois non precisan de un que as mantéña. A maior parte dos matrimonios desgraciados que ha, consiste na falla de instrucción da muller, pois a que pensa un pouco (ha algunhas que non pensan nada, e lle aparece un rapaz que quer casar con ela, aínda que non lle agrade moito, e non sea o tipo soñado, ve que xa ten - supoñamos - 26 anos, que, o que os pais tein non lle chega pra vivir sen traballar, e aínda que queira traballar non pode por que non lle insinaron a facer nada que sirva pra gañar a vida decentemente, e antes de ter que servir cácase co primeiro que lle apareza, pois o capital dos pais xunto, son hortas e separado hortiñes, si estas hortas non están empeñadas xa, ó USURARIO da terra, que lle proporcionou o diñeiro pra estudar o señorito do seu irmao. Si repartisen a instrucción entre as fillas como nos fillos, ensinando as fillas a gañar a vida decentemente! ¿Qué duda cabe que unha muller que sabe traballar, que sabe gañar a vida sen necesidade de ninguén, si lle aparece un rapaz que non é do seu agrado o manda *pasear* e non ten o menor medo a quedar solteira? Só se casará con o que ela gosta de verdade, claro que iso non é unha proba pra ser felices. Pois moitas veces os xenios non se dan ben, pero ha mais probabilidades de o ser, que cando se casan só por ter quen as mantéña. Ademais é mais fácil de se comprender entre xente instruída, e quen se comprende, perdoa e transixe con certas cousas, que unha analfabeta non perdoaría.

É preciso ós homes comprender e ver o necesario que é a educación e instrucción na mu-

ller, por iso quen teña suas fillas pense un pouco o que vae ser d'elas o día que pechen os ollos, si non ven o americano rico que salve a situación antes; e d'isto teriamos moito que falar dos inganos que hay ó ver as grosas leontinas, anel e dentes de ouro, que moitas veces é só pantalla!

Ten que se velar e coidar pol-o mellor que ha no mundo, que é a muller.

CORONA GONZALEZ

París 1927.

Academia Gallega

A RECEIÇÃO DE ANXEL DEL CASTILLO

CELBBROUSE no Salón do Circo de Artesanos o 18 do pasado Marzal o aito de dar entrada na Academia ao noso querido amigo o ilustre arqueólogo, D. Anxel del Castillo. Con unha concurrencia numerosa e escollida na que figuraban moitos académicos de fora da localidade Castillo deu lectura ao seu traballo encol de «Arquitectura prerománica en Galicia», do que xa os xornás cruñeses deron un completo resume. Co'a fonda erudición cos vastísimos e xa sabidos coñecimentos que Castillo posee d'esta materia fixo un traballo de importancia grande para eses aspectos da nosa cultura e riqueza artística.

Ao mesmo que nos falou de eirexas e muros interesantes da época prerománica en Galicia tivo tamén conceptos acertados e patrióticos refiríndose á personalidade da nosa terra e á súa extensión nos séculos en que a nosa Galicia non estaba como agora limitada aos lindeiros caprichosos e antinaturás da actualidade.

Un traballo moi ben escrito e de moita importancia para Galicia que moito nos aledaría ver publicado un folleto ou n'algunha revista galega. Castillo colleitou moitas e calurosas gabanzas as que engadimos a nosa moi cordial cobizando ao mesino tempo o seu completo restabrecimento do accidente desgraciado que sufriu.

A Castillo contestoulle o académico Sr. Martínez Morás con un traballo no que pon de manifesto á personalidade do ilustre arqueólogo. Tamén mereceu gabanzas o traballo do Sr. Morás.

Como se encaran os diversos casos por eiquí abaixo

Un home mata outro, n-un momento de rai-
ba. É preso, castigado, e hastra enforcado.
Outro home, - o verdugo - mata todos os que
lle manden, en sangue fría. É pagado, e con-
siderado como bon. ¡É UN ASESINO LEGA-
LIZADO!

Unha telefonista, presta servicios durante
unha guerra: si é a favor dos seus é condecora-
rada, ainda que os seus servizos, fosen pra
sorprender o enemigo, e matasen a metade.
Pol-os mesmos servizos si os fai pra os ene-
migos, é fusilada por traidora á patria. ¡NON
DEIXA DE SER UNHA ASESINA AUTORI-
ZADA!

Os Sovietes mandaron un d'eles pra buscar
o PRINCIPE DOLGORUCÓFF pra saber
onde tén o tesouro escondido, ven eiquí a
París, coñce o príncipe. Fínxese amigo,
preparalle a entrada na Rusia, desenterían o
tesouro, e duas horas mais tarde, e fusilado o
príncipe.

Si tivese feito o contrario. Si ó chegar eiquí,
e ver o bon corazón do príncipe, que lle ofre-
ceu a metade da fortuna, confesase a verdade,
decindo: Eu, fun mandado pra levalo, mais
dame lástima vendelo así cobardemente. Con
certeza os soviètes fusilarían por traidor.
O goberno é posibre que pense en condecorar
ese ASESINO DISFRAZADO, pol-os bons
servizos prestados ó país, pois cumpríu o que
prometeu, e desempeñou ben, o cargo que lle
foi confiado.

Un comerciate, sí ó entrar un parroquiano,
lle mete a man no bolso, pra sacarlle 20 reás,
é ladrón, e tén que restituir o que roubou.

Si lle vende calquera cousa que lle costou
29 reás por 100, rouba moito mais, e queda
coa conciencia tranquila, porque a lei que os
homens fixeron autoriza pra iso. ¡É UN ROU-
BO LEGALIZADO!

Unha Señora, ten unha criada que axustou
pra barrer - supoñamos - mándalle facer mui-
to mais, e págalle o mesmo.

A criada siso: 10 reás. É unha ladrona
despêdea con esa fama, e a señora queda coa
conciencia tranquila.

Dous homes brigan. Un d'eles québralle a
cara ó outro, déixao casi á morte, faille saltar
os dentes, ou esmagalle o nariz. É un bárbaro.
Vai preso.

A guardia civil tén que ter cuidado pra que
o non linchen, pois os azos están exaltados.
Dous homes tein un match de box. Acontece
a mesma cousa, só que o que quebrou a cara e
esmagou o nariz é levado en brazos, vitoreado,
admirado como un héroe, e a multitude en
lugar de o querer linchar quere abrazalo de
satisfacción ¡ÉSTE É UN BÁRBARO LEGA-
LIZADO!

Unha señora cácase, xa no Civil, xa no Ca-
tólico, divóciase e torna a casar con outro,
mais so no Civil é considerada. Señora formal
e decente. Si a mesma ó divorciarse xúntase
con outro home, é unha sinvergoña. A primei-
ra é o que se chama AXUNTAMENUE LE-
GALIZADO!

Unha coilada vende o seu corpo, pra vivir.
Nós todos ignoramos as necesidades e os con-
tratemos que teve pra obrigala, a facer iso. É
unha sinvergoña, unha descarada, hastra dá
noxo. Unha que se casa sen amor, só pol-o
interés, ollando o seu benestar. Non deixa de
ser outra que vende o seu corpo, en troca das
suas comodidades que lle proporciona ó coi-
tado que con ela cargou. ¡É UNH SINVER-
GONA LEGALIZADA!

¿Qué pensará o MANUELIÑO aló enriba
de todo o que por eiquí acontece?

CORONA GONZALEZ

París 1927.

O egoísmo de ultratumba

Morto me lembrado que pensar o testamento de unha señora que lin n'un xornal.

Eran tres irmáns con unha fortuna enorme. A medida que fôran morrendo foron deixando. Un Castelo pra misas. O diñeiro pra noventas, e a derradeira que morreu fai pouco, deixou un millón tamén da mesma forma.

... ¡Ou moito mal fixeron n'esie mundo pra precisar de tanta misa, ou non son caridosas! ¡Tanta xente que non ten que comer...! Tantos nenos sen ter onde recollerse, vagando pol-o mundo sen amparo...! Tantos hospitaes... Tantas casas de Benificencia... Tanta falta de ESCOLAS onde poderían ter empregado o diñeiro! Pensando un pouco nos outros tamén!

É d'un egoísmo revoltante quen pensa só en si, e mais aínda cando se pensa, en si, aquí, e no outro mundo. Pra pensar no outro mundo é preciso facer ben eiquí, pra non ter medo da pasaxen d'este pro outro. E preciso ser caridosos co próximo. Non falar dos outros, ocupándose da vida allea. Non pensar que todo iso non ten que ver, con tal de contal-o todo o crego. Xa estamos libres pra pecar de novo! Xa podemos comenazar!

Unha fortuna dada pra fundar unha escola, e sustentar todos os nenos probes, exixindo que sexa unha institución Católica, que todos os días antes de comenazar o traballo, recen unha Salve pol-a alma da defunta, e ensinarlle a ser agradecidos (do que hoxe en día se carece tanto) a persoa que se lembrou dos probes. Sen contar cos hospitais. Pareceime que iso sería pensar un pouco nos outros.

Faime pensar que estaban con pena de non poder levar o diñeiro pro outro mundo, e fixeron así o testamento pra ver si d'esa forma con moitos responsos conseguían que *pra lá pasase algo*, mais unhas persoas así, aínda que o conseguisen, e si se precisase diñeiro no outro mundo, con certeza non eran capaces de dar unha esmola.

O maior pecado é o egoísmo!

París 1927.

CORONA GOZALEZ

LEA VOSTEDE A NOVELA GALEGA **L A R** QUE SE EDITA MENSUALMENTE

Perdeuse o meniño

*Qué desgracia! ¡Perdeuse o meniño!
¿Morrerla afogado na fonte?
¿Comerían os lobos no monte?
¿Collerían as rodas do muiño?*

*Qué consolo habrá dende agora
pr'o delor da probiña da nai?
¿Qué lle vai á decir ela ó pai,
cando volva, contente, de fora?*

*¡Mais posibre non é que morrerá!
¿Andará por camiños leixanos?
¿Roubarían algunhos xitanos
ó enxergal-o bunito qu'el era?*

*Din qu'hai meigas ruins qu'engaritan
ós meniños que pillan á man
e, pra certos remedios que fan,
ós meniños os untos lles quitan.*

*Certamente unha bruxa o roubou,
pra curare algún vello mirrado...
¿Ou caeuse d'algún valado,
y-antr'as silvas firido quedou?*

*Teño medo ó collera un suxeito
qu'axexando anda pol-os camiños
e que zúgalle o sangue ós meniños
pra curare doenzas do peito.*

*¿Qué faguedes, que llo non buscades,
veciñanza, parentes e amigos,
do delor da naiciña testigos?
Ide aixiña ver se llo alcontrades.*

*¿Non a vedes coma se repela,
no seu pranto abondoso bañada?
¿Quén a i-alma tén tan desleigada,
que non chora ó escoital-a, con ela?*

*Era ruibo com'as alboradas,
tan bermello com'unha mazán
e levaba unha figa na man,
pra libralo de malas olladas.*

*¿Cóma foi que se puido perddere,
se sua nai nunca soyo o deixaba?
Non tén volta, o ladrón axexaba
un descoido... e botou á correre.*

*¡Qué desgracia!... Sen o picariño,
¿qué vai ser dende agora da nai?
¿Qué lle vai á decir ela ó pai,
cando volva e non vexa o meniño?*

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

SAUDADES

Pra ir o «atelier» en París, tiña que pasar por un patio onde había un bancal con plantas e unha casinha pequena feita de taboas de caixón vello que, con aquela neboa mesturada con a poeira e o frío húmedo, fan parecer todo triste revestendo a paisaxe de unha certa morriña que só comprende quen tuvese vivido lá.

A casinha servía de abrigo a unha pobre galiña negra, como isas que ha na Galiza. O vela, sempre me compadecía d'ela e quería ver na súa tristeza de vivir soia, adiviñar o seu pensamento, por que os animaes tein tamén seus desgostos. ¡Xa coñecí varios con desgostos de lle: costar a morte!

O pasar ollaba pra ela con lástema e faláballe en galégo. Moitas veces o pan que me sobrava do xantar mandávallo, mais nunca a vin comer nin espallar a terra con as uñas, sempre a cabeza metida debaixo da ala parecendo querer meditar na súa vida, e a separación dos seus.

Eu pensaba. É unha maldade ter esta coitada galiña enteiramente soia sen ter con quen conversar, con quen trocar ideas e comunicar suas tristezas e satisfaccións, acabará por esquecer de cacarear, e terá unha lembranza lonxica dos seus bons tempos, cando vivía rodeada dos filliños e podía frecuentar a súa sociedade: craro que non deixaría de ter suas tristezas; ciumes... desgostos con as veciñas... dor no corazón o ver comer de tempo en tempo un dos fillos mais gordos... Mais o amor á terra, aquele sol, aquele ceo craro e alegre, que todo lle falaba das lembranzas de cando era polliña, vendo os sitios onde tiña sido criada, recordando a vida de nena: facíanlle esquecer os desgostos, viviría alegre espallando a terra, cacareando, tendo a certeza que d'algunha esquina responderían a súa fala, e non faltaría un gafo galán que lle contase as suas mentiraxes que ela acreditaría convencida; como todas...

¡Agora soia...! non vendo outro semellante...

¡Só os que pasan pol-o patio na man das cocifeiras, depenalos balanzándose con a

cabeza pendurada, e tirados pra enriba d'unha mesa con desprezo; hastra chegar o momento de ser botados na panela que os espera con a grasa rechinando...!

¡Sen ter un bocadiño do sol e alegría da súa terra...! sen ter pol-o menos uns discos de gramófono con un alálá ou muiñeira pra matar as saudades de vez en cando...! Facíanlle mil favores coméndoa logo, pol-o menos acababa de sofrer, por que xa deu o que tiña de dar n'este mundo, non está esperando si non a morte, que lle debe parecer demorar muito, ó verse lonxe da terra e das persoas que ela quería.

Weymouth Agosto 1927.

CORONA GONZÁLEZ.

O Moimento a Curros

Como xa saben os nosos lectores foi decrarado deserto o concurso dos proietos presentados por considerar que ningún d'eles axustábase ás bases nin interpretaba debidamente a obra do poeta.

N'esta opinión abundábase nos no derradeiro número e temos hoxe que celebrar e apraudir a aitude nobre e honrada do xurado que fallou con toda xusteza.

A Academia orgaiza agora un novo concurso que será axiña. Agardemos a il e confiemos en que de non presentarse nada que realmente mereza o premio repitirase o caso de agora antes de que despois teñamos que lamentar calquer imprudencia.

Foi moi señalado o feito de que a ningún xornal da Cruña houbese merecido o mais pequeno comentario a eisposición dos proietos para moimento a Curros, nin a moi acertada resolución do Xurado. O que proba unha d'estas duas cousas: ou que non foron a visitar aquela, o que sería imperdoable; ou que co fallo ditado viron contrariados os seus desexos. Mais iso non abonda para xustificar unha aitude de silencio tan acordado en asunto da transcendencia que este ten para Galicia.

lencóneca; o Limousin nos irmáns Tharaud; Rod e Henry Bordeaux a Savoia; os viñadores da Borgoña están en Gaston Roupnel; as Ardenas en Theuriet; a Frandres en Pierre Hamp; a Bretaña en Vedel, Savignon, Loti, Farrère. Sería doado e gostoso compretar a lista no posibre. E non son escearios de peisaxe procurados pol-os esquirtores pra dar coor local, novidade, ós asuntos, non é estratexia literaria. Son os difrentes acentos ós que dan vida a páxinas de segunda categoría.

Por certo que pensando n'isto lembrese a polémica xurdida arredor d'un dos libros mais fortes do ano. «La trahison des clercs» de Xulián Beuda. Unha obra qua gastou dez anos de pensamento e istromentaceón non é

froito de cada día. Beuda acusa os qu'il chama *clercs* (esquirtores, filósofos, moralistas, xente de poder espirtoal: n-unha verba) de gufar mal ós pobos ceibando n'eles as paixóns nazionalistas. Mais coido que nas páxinas esquirtas sinon con enteira xusticia c'unha fondura e outa arte polémica pouco acostumadas, de Beuda, sóilo hai unha condeaceón relativa e mais ben dos falsos nazionalismos *politecos* que dos vidales. Pois ben sabe o autor que por riba (e no centro) de gregos e bárbaros erguense as puras torres d'unha *Civitas Dei* en cuias pedras traballaron e traballarán os mais escolleitos espirtos nazionalistas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

VAIDADES ENCOL DO RECO

A matanza do porco por agora é o que preocupa a nosa xente. Cando algún veciño se lle ocorre non matar, todos o ollan con pena ¡probe! non che debe andar moi ben de cartos: é o que acostuman a decir.

Os homes cando se reunen, a conversa obrigada é falar do *reco do cura*, do *reco do xuez*, e de quen fixo millor compra. O do cregó deulle tantas libras d'unto; dis o Tiago que pasa a maior parte do tempo na casa do abade. Por outro lado o criado do cacique que non se quere ver vencido; aposta que o millor cocho é o do cacique, custoulle menos dez pesos e deulle mais unto.

Os matachís gábanse de matar cada un millor que o outro e tamén tein seus partidarios que discuten, si mata millor o Topas, o Polifio ou o Chinto. Iles están acostumbrados a isa comedia anual onde menten a todos decíndolles que o millor reco é o que acaban de matar, e que en ningún lado comen uns chourizos tan bós, e tan ben feitos, gostan de traballar n'esta casa por que a dona é intelixente, limpa e sabe ben o que quere, non é como outras *que nunca están satisfeitas*.

As mulleres tein tamén suas vaidades ha

discusiós de quen é a millor mondongueira, quen ata mais de presa, quen tempera millor e quen sabe dispôr con mais maestría. As criadas na fonte discuten as libras d'unto e os chourizos que as donas fixeron, ocultando a verdade, pra mostrar que a matanza d'elas é millor qu'a das outras. As señoras non falan d'outra cousa, ocultando tamén a verdade dos pesos dos untos, dos xamós e das ducias de chourizos que lle saíron de cada porco. En meio de todas estas, ha algunhas *que tein vaidade, de non ter vaidade* d'isas cousas tan baixas. Isas son as novas ricas.

Tein orgullo en que lle proben os chourizos, e claro, ó comel-os están aprobadosísimos, mais cando vira as costas a dona d'eles, todas chiscan o ollo alcontrando qu'os d'elas son muito millores, unha dis; tein moito pimento; outra, moito allo; outra, escabulliuselle a man no sal, e a ulterna, o ouregan debe ser vello porque non se coñece, non estan ben atados, deixaronlle moito ar dentro.

Os homes tamenalcontran os que a muller d'el temperou millor qu'as dos outros ¡E que muller com-a qu'eu teño, é difícil d'atoparl acostuman a decir.

Pra todas istas vaidades é preciso sacrificar o cóitado do cocho que non fixo mal a ninguen sinon comer o que lle deron sen saber pr'o qué, hastra nas suas horas de roncar tería soños que lle mostraban a bondade d'aquela xente tratandoo tan ben *sen intras qu'el vise* porque cando quixese despercarse xa era tarde.

E pena matar e *comerll-os figados* a un

animal que acariciamos e vemos o ano inteiro con tanta humildade!

Asin son as persoas. Dan unha esmola de comida, sempre coa idea de terá sua recompensa.

CORONA GONZÁLEZ

Londrés, Nadal, 927.

¡SEMPRE O PRECONCEITO HISTÓRICO!

Un caso acaba de darse aquí en Río de Xaneiro entre o Dr. Martínez Vargas, Rector da Universidade de Barcelona e a colectividade galega d'esta capital que, pón ben as claras, como na Hespaña subsiste o preconceito histórico da inferioridade intelectual do pobo galego creado pol-o imperialismo castelán do século XV. E, o caso é o seguinte:

De regreso da Arxentina, detévese no Brasil uns días a Delegación médica hespañola ao Congreso Antituberculoso de Córdoba, xefada pol-o sabio tiscólogo Dr. Ferrán;—da qual facía parte como unha das principais figuras o Dr. Martínez Vargas, nome de destaque na ciencia médica hespañola—a fin de aquí dar algunhas conferencias nos centros médicos de S. Paulo e Río de Janeiro.

Como ben se suporá a colonia hespañola esforzouse por facerlle grata a estancia n'esta capital á eses homes que tragian a estas repúblicas sulaméricas a voz da ciencia patria. E, entre outros homenaxes ofrecullés unha comida nun dos lugares mais pintorescos da cidade, habendo de sobremesa discursos, d'entré eles un muito eloquente do Dr. Martínez Vargas, en nome da Delegación.

De ese discurso patriótico cheio de imaxes e períodos altisonantes—un tanto ocos—merecen destacarse ás seguintes palabras.

«Precisamos—dixo con a sua franqueza aragonesa, referíndose á América—mostrar a estos países que España no solo puede

mandarles gallegos sinó también hombres de ciencia.»

Digamos, antes de mais nada, que a frase en sí é dunha xusteza ben dubidosa, pois por ela a sociedade hespañola divídese en duas clases: unha a de homes de ciencia que nós ampliando o concepto chamaremos «intelectuales»; a outra a de «gallegos». A primeira formada por unha pequena minoría constituída dos homes cultos. A segunda integraría a grande maioría do pobo: menestraes, agricultores, industriaes, comerciantes, empregados públicos e particulares, artistas, etc.

Sendo así, a palabra «gallego» xa non designa ao que é natural de Galicia, non significa tampouco ordinario, sentido que os hespañoes e americanos lle dan empregando o ton despectivo, e aínda deixa de representar a todo hespañol, como comunmente é empregado o vocábulo en América, para pasar a denominar simplemente unha parte do pobo hespañol—os non intelectuales.

Mais, aparte a infelicidade da frase, resalta nela o concepto aviltante en que somos tidos os galegos e é aquí onde queremos chegar.

Non achamos motivo de ofensa na frase, no que respeita ao orador, como algúns pretenden ver porque está por demais sabido que non tuvo nin é concebible en persoa medianamente educada que poidese ter a intención de ofender aos galegos, tanto mais que, a maioría dos que o escoitaban e lle ha-

verdadeira elocuencia que por tras da letra de imprenta fai maxiñar a figura malencónica e o xesto apaixonado e fatal do bardo do Landrove. Dín que chegando á tribuna cobría a fronte, c'o brazo e demorábase un instante calado e tremante espallando pol-a sala a súa paixón. N'il a oratoria foi sentida e vivida. Por certo que nas ditas leucíós hai unha intresante profecía dina de un comentario lóngo qu'eiquí non podemos facer. N'un voar sobre o mapa da Europa dí que os rusos, qu'il considera asiátecos, virán a o Oucidente pra establecer o comunismo demócrata. ¡Que fermosa páxina podería esquirbir encol d'isto o noso ademiradó Vilar Ponte! En troques Cánovas non gabancioso prólogo que lle puxo no 1867 afirma que o socialismo era un medo pasado.

Asegún o xeito do tempo o estilo oratorio esténdese a outras formas da prosa. N'elas loce Pastor Díaz c'unha forza úneca quizáis no seu tempo. Os grandes frescos históreos que traza no libro «Italia y Roma» non s'atopou hastra as leucíós de castelán «De la civilización en los cinco primeros siglos del cristianismo». Chega á grandeza de Chateaubriand e de Agustín Thierry. Remataremos istas liñas lembrando que Pastor Díaz foi dono da arte de esquirbir biografía (o Duque de Rivas, Cabrera, D. Diego León) do qu'estamos tan precisados hoxe na Galiza. ¿Cando teremos nas nosas letras un Ponal pol-o estilo do «Shelley» de A. Maurois, unha «Rosalía» un «Vicetto» un «Añón»?

RAMON OTERO PEDRAYO.

O FOGO

O Fogo é o eterno compañeiro do home que fai d'el a súa vida, a súa virganza e a súa morte. Sempre teve adoradores e ademiradores, e aínda que Prometeo non existise, él sempre existíu. Cando Numo fundou o colexio das Vestaes, xa desde esa época nos mostraba o valor que tiña e debía ter pra nós. Desde os primeiros tempos o home serve d'él, non sempre con bon fin. A verba fogo non pode decir mais: «focus», fogar.

O santo fogar onde baixo o tellado se cobixanas persoas que se queren, e recebese con agarimo a tudo aquilo que se quere agasallar.

O fogar é a metade da nosa vida, cando saímos d'él, aínda que sexa pra grandes cibdades, a morriña acompáñanos a toda hora, e nunca se ten tranquilidade de espírito hastra que non se torna os lares onde se naceo, a disfrutar da vida de familia.

O quentor do lume, cabo da lareira, é onde sae a relucir tudo canto preocupa e diverte á nosa xente. Alí fálase da política, dos caciques, do precio a que andan todos os comestibres, dos derradeiros escándalos, e hastra de cando en véz, escoitase certo

contíño que fai preciso mandar fora buscar calquer cousa as nenas, pra que non-o escuten. O fogo que parece prestar atención, rise tamén. Os estalos da leña seca, e as labaradas que produz semellan gargalladas, e hastra, o escutar os contos e as críticas, ás veces, chisca un ollo pra quen lle parece, con certo aire de sospeitosa cazurrería.

O fogo acompaña o home no seu íntimo, sendo un bon e sinxelo compañeiro. Cando nas searas do inverno chove sen acougo esa chuvia miudiña mesturada con néboa, tan característica da nosa terra, e o vento bate na fiestra co seu barullo suave ou forte, o fogo parece acompañar os nosos pensamentos, despertándonos gratamente cando mergullados n'un sofá e nas saudades, ouvimos ó lonxe o toque dos sinos que nos envolve como un misterio mais no medio do escuro.

É entón cando o home colle un pito e encende un misto, pra matar as saudades que parecen apretarlle na gorxa. O fogo, a luz, crea entón arredor de nós un mundo de feitiços coores que nos acarician e animan como bos amigos.

Un fachón de pallas acceso sérvelle ó home

pr'alumear o camiño onde vai moitas veces con un maior fogo no peito: Maruxa, espé-
rao impaciente. Dentro d'il sinte un quentor
de brasas que lle presta un fortísimo valor
pra afrontar todo o que se lle presente de
diante. Cando se sinte esta clás de fogo de
amor, non ha nada que amedrente a psicoloxía
de homes preocupados pol-o misterio; as
forzas físicas multiplícanse e parece que
Deus adica unha especial protección pra
todo aquilo que no peito ten encendido un
fogo de tal natureza, abríndolle os camiños
que sempre se lle parecen limpos d'espíños
e contrariedades. ¿Quén non sentíu algunha
vez ise fogo de ir ó encontro do ben ama-
do?... Cando duas almas se funden e purifi-
can por medio do fogo do amor, identificán-
dose hastra facer de duas, unha, non ha
nada que as separe. Dín que os lobos fuxen
do lume. ¿Que lobos nin homes poden meter
medo e non fuxir de diante d'un mozo, que
vae acompañado d'eses dous fogos?

O fogo é moitas vegadas un procedimento

de vinganza; as casas dos noxentos peque-
nos tiranos d'aldeia, os palleiros d'os intri-
gantes e hastra o pazo do mal fidalgo, tein
sufrido a proba purificadora do fogo. Eu,
que estimo o fogo como algo sagrado, que
o amo hastra nas suas mais miudas repre-
sentaciós, considero un tremendo sacrilexio
o servirse de tal verba pra mandar fusilar
un semellante. Esa palabra debía ser troca-
da por ¡descarguen! más nunca ¡fogol qu'en-
cerra unha das millores e meirandes lem-
branzas da nosa existencia. Servirse de unha
palabra que enche por completo a nosa vida
pra sacarlle ós outros, non é xusto.

I-é así: que aínda despois de morrer, a lu-
ciña do fogo fatuo está lá, derriba de nós,
servéndonos de compañía, bulindo e acari-
fiando a terra en mil formas, como un teste-
moño inmorredoiro da eterna vitalidade do
espírito.

CORONA GONZÁLEZ.

Londres, Decembro 927.

SEDE DE AMOR

Eu teño unha sede de amor infinida,
sede malfadada que morrer me fai,
remedio pra ela, miña dona, dai
se non qués que fique sen alento e vida.

Esta miña arela, meu amor, contida,
a soñar de cote co meu ben me trai;
non fuxas, amada, a ti m'achegai
e daime o recendo da tua frol belida.

Cos teus garimosos, meus brazos apreixa
e gostar o nectar dos teus beizos deixa
pra social-a sede d'iste ardente amore.

Non de min te arredes, olla as miñas bágoas
e ten piedade, muller, d'istas mágoas
que me dan tromento con firente doore.

BEN-CHO-SHEY

¿POR QUÉ SERIA A BATALLA?

Na China onde cada veciño briga c'outro, e ninguén se entende; acaba de darse un caso muito orixinal c'os ratos.

Lín n'un xornal, a grande batalla que nas portas da cidade de Shalatchi (ô norte do Kalang) na noite do día 28 de Febreiro, se desenrolou. Houvo unha batalla formidabre; contándose os mortos por millóns: entre un grupo de ratos amarelos, contra outro de coor cinsenta.

¡Fáltanos muito por saber!... ¿Quén nos dice a nós que entre os ratos, non houvo un París que raptou unha Helena?... Pode ser que hastra n'esa batalla—coñecida por nós agora—tivese algún héroe com'Aquiles, e que algún lirón chamado Homero, inmortalice Shalatchi. ¡Nada podemos decir á ese respeito!...

¡Quén sabe si non foi tamén algunha invasión, pois os ratos amarelos dís que viñan do campo atacar ôs cinsentos da cidade?

Pode ser que ô frente d'esa *xente ratoncil* viesse tamén algún Alexandro Magno, e que fíque na Historia d'eles, como ficou na nosa.

É natural que achasen tamén defensores como Viriato, Pelayo... ¿E si foi un rato Napoleón que tivese alcontrado un Velarde, Ruíz, Daóiz, unha Agustina ou un Morillo? «¡Si soupese que me iba costar tantos homes, ratos, non tería emprendida a conquista!»: diría o invasor.

Finalmente os ratos cinsentos foron derrotados n'outra batalla; deixando o campo con miles de mortos.

Poucos se puderon salvar! ¿Sería un Aníbal frente a Sahagunto?...

Nada podemos decir, mais estamos ô frente de un caso nada común, muito estrano entre os animaes, e pol-o menos no século XX chamado do deporte e velocidade, ninguén pode dar unha explicación a ese caso.

Pode ser que a imprensa dos ratos ocúpe-se muito desa grande batalla, poren nós non podemos ler ises xornaes. ¡Quén sabe si lá non hai tamén censura!...

París, Marzo 928.

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Como xá anunciamos no derradeiro número e falaron os xornás de toda Galicia, no pasado mes reuniuse en Pontevedra a IV xuntanza anual do benemérito Seminario.

Celebráronse con tal motivo diversos aitos de cultura galega con conferencias de gran importancia. Concurriron socios de toda a Galicia e nas sesións reinou un franco outimismo con respecto ao porvir da cultura patria e do sentimento galeguista.

Entre os acordos, todos de gran intrés, tomados na xuntanza figuran dous que pol-a sua índole merescen especial indicación pol-o beneficio que van a reportar á nosa cultura. Son eles a creación das seccións de Ciencias Sociaes Económicas e de Filoloxía Galega. As duas comenzaron xa a autuar o ao igual que as outras seccións de que se compón o Seminario, logo dara sinalados e bons froitos. Compre celebrar con ledicia estes acordos tomados e felicitar unha vegada mais ao patriótico Seminario pol-a formidabre laboura que anda a facer para o ben da Terra.

Tamén tomouse o acordo de celebrar na Cruña a próisima xuntanza a que revestirá caracteres extraordinarios pol-os moitos aitos que entón hánse de efectuar.

DO MEU PRISMA

A figura xeométrica d'unha raza casi se pode afirmar que é a mesma pra todol-os séculos. Non así a figura anímica. D'ahí que os parbos non pertenczan a ningún século.

Non-o podó remediar. Cando entro n'un xardín moderno póño-me triste, moi triste. Son ises macizos a ras do chán, tan eslabados, tan... bonitos. E choro a sua desparcada virilidade selvática. Xardíns «garço-ne»: catacumbas do pensamento.

CON FERREÑAS E PANDEIRO

Wenceslao Fernández Flórez é, conmigo, un dos poucos escritores humoristas merecente de sere lido. Entre el i eu só existe unha diferenza: a el leo i admira unha chea de gente, e de min non sabe ningún; pero debo confesar que esta injusticia nin me doi nin me magua, pois sei ben que se debe só a ignorancia dos lectores. E como no meu corazón non roe o verme da enveja, eu sinto por Fernández Flórez unha devoción fraterna.

Naceu aquel día en que na rúa de Alcalá topouse c'unha burriña luguesa que daba leite en Madri, e beijouna n'unha aperta querendosa: beijo i aperta que querían decir: eu son galego!

Aquela afirmación pública, sinxelamente solemne, do seu amor á terra-naí, conmoveume deica os zangomiños. Ja temos un galego en Madri! —dixen cos ollos cheos de baguas de agradecemento e ledicia. E desde entón levo a Fernández Flórez chantado na alma.

Ja sei que non faltaron envejados do patriotismo que quixeron restar valor ao belo gesto da rúa de Alcalá; mais convén saber que daquela ja podía entrar Fernández Flórez no Congreso. Alí había cantas burras galegas quixese. Burras das catro provincias, lucidias de garnidos atafás, ben mantidas, cursarias no orne oratorio. Podía escoller. E Fernández Flórez desbotounas olímpicamente aínda sabendo de certo que aquelas burras podían dar leite.

Unha aperta apreljada! un beijo pudibundo a unha burra do Congreso, oportunamente suministrados ao final dun orneo, puideron facer calquera cousa, deica cacique do raño; mais prefireu bicar á burriña galega auténtica para confirmarse galego en Madri, onde vivindo tantos conterráneos seus non había ningún. Uns parecían, pero nou-o eran, i outros, aínda que o fosen, non facían nada para parecelo. E Fernández Flórez, non tendo a quen abraçarse en galego, optou pola burriña luguesa. E no meu corazón caeu unha mada de agradecemento.

Despois a miña admiración pol-o escritor ilustre foi aumentando; pero agora encóntrole un defectiño que quero facer público para que o corrixa, si pode.

Fernández Flórez agudizou o ingenio no estudo, cuidou o estilo, abranqueou sona, gañou cartos, gastounos; os seus lectores traeno no peneiriño e invitano ao que queira: a comere arroz á banda, a dare un paseo ou a tomal-a raiola; mais, do que é malo, non se preocupou do físico, esquecêuse da vella máxima *mens sana in corpore sano*.

Eu non vou a soster aquí —nin ali— que seja de saúde crebada, que viva esmorecendo, non. Penso que é home san i escoreito. O que afirmo é que Fernández Flórez non é rexo, musculoso, forzado, capaz de andare a moquetes cos larchans merecentes do lostregazo limpo. E cumpríalle un pouco de boxeo.

Un zuco ben dirixido podía darlle mais sona que unha novela. Como escritor ben sei que Fernández Flórez non precisa botare man do escándalo: abondalle o seu talento. Como galego digno a custión cambia de cór.

O ilustre humorista doeuse fai pouco de que non houbese, entre os oitenta mil galegos que residen en Madri, un só fato de eles que se atrevere a dare a Arniches i a Oliver a «merecida repulsa» por poñeren aos galegos como freganzos nas suas obras de teatro hespañolistas i hespañolisimas.

Para o adraje teimoso que pesa encol do nome galego e da gente da Galiza, non coñeço mais que unha repulsa ageitada: a labazada zoante e maguante.

I aquí estou eu, e decir, aquí está Fernández Flórez cinguindo a coroa dos héroes que tan ben lle aquece aos artistas da sua sona.

Mañán estrénase en Madri unha obra chea desa gracia vafía na que enfouza o seu espírito o pobo español para rir a conta dos galegos i espelire a sua pregulza cotidián. E n-aquel

mesmo día recibese en todas as redaccións de todos os jornais o seguinte telegrama:

«Ao terminare a representación da obra «En Madri se perdió un gallego...» o ilustre escritor coruñés Sr. Fernández Flórez encaráuse co autor enviándolle dous directos i un crochet. Esnafroulle o nariz, visteulle un oílo de loito, i esnacoulle catro moas empastadas. Ao ouvir os berros de auxilio do elenco espaventado, o público fuxía ás carreiras coidando que no esceario había lume. Á primeira actriz doulle un anoto i o apuntador por pouco morre co medo. Por un tris se registra unha catástrofe...»

Seria hoje Fernández Flórez capaz d'esta patriótica arrouzada? Penso que non. O seu espírito é afouto, a sua dignidade unha espora. Cando calquer munifate alcuma aos galegos, el, alá na sua imaxinación buscao, bátelle, cúspelle, venga á sua terra ofendida. I o que fai ca ideaía faríao valentemente cos puños; pero, como non está entrenado no boxeo, escribe un artigo protestando. Hai que recoñecere a sua boa vountade, pois fai o que pode. O resto dos galegos, como pol-o visto non saben facer nada, fan tamén o que poden: calan.

Eu admiraba á Pantera de Arousa, ao Hipopótamo de Melide i a Bartos. E non sabía por qué. Agora decátome da utilidade do boxeo para os galegos, sean do peso pluma ou do peso galo, aínda que eu estóu polos galos, e gostaríame que os meus paisanos o fosen en todas as suas feiturás.

Ben poidera acontecer que Fernández Flórez non servira para convirtr en ring un esceario, a redacción d'un jornal ou a acera d'unha rúa. A arcada trunfal do seu nariz esgrevio abre en min a incertidume da dúbida.

Sendo así podían entrenarse Risco, Johan de Loira, Otero Pedraio ou Ben-Cho-Sei. Cantos mais millor. Porque para o caso, todos os galegos se chaman Fernández Flórez.

Hai unha cousa certa. Si a lección viñese de arriba, si Palacios, Villar Ponte, Llorens... comezasen a lapos, o exemplo inzaria. Qué interesante sería unha Galiza atacada do andacio de dare morradas! I a cantos galegos de a tres ao carto habería que tundar!

Pero a meiciña impónse. Ou boxeadores ou bois de palla.

DAMIL

A bordo do "Arlanza"

¡Que saudades se senten ó separarse cada vez mais da terra querida!

En Vigo embarcaran xa de noite, bastantes peisanos que os coitados pra non reben-tar o peito oprimido pol-a morriña, viñan cantando un Alá lá en sinal de despedida. ¡Como vae esta xente, coitada, con a cabeza chea de ilusiós e con forza pra afrontar todo o que se lle apresente!

¡Que diferenza ver a saída, da volta...!

Saen cheos de vida e de ilusiós; e si algún pode volver; ven sen ilusiós e sen saúde. Si, dos miles que marchan algún pode afrontar a miseria e a fame, e consegue tornar ó lar; ven con as ilusiós perdidas, un pouco de saúde, e muitas veces con *un dente de ouro e gravata* en troques da saúde que alá per-deron.

A NOSA TERRA

3

Falei con algúns, os probes quéixanse: «A comida é de perros, si non trouxésemos da casa algunha cousa morreríamos de fame». Mais pra non desmerecer a raza, acostúmanse a todo; hastra á fame.

Todos nós somos os mesmos. Aquí vae un irlandés que ninguén dirá que non naceo en Portugal, na Galiza, ou na Bretaña; fala o portugués como os propios portugueses, e está já identificado con a terra onde mora como si lá nacese.

Todo canto se cría na nosa terra aclimátase en todas partes.

Aquí levo unhas lindas frores criadas na terra; están no barco inglés, con un clima diferente, pois en lugar de murxar ou polo menos ficar tristes, saben aclimatarse de tal forma, que os botós que viñan pechados, abriran como si fose na propia pranta, van desafiando o clima e o tempo como nos acontece a nós.

En Vigo como deixo dito, embarcaron uns cantando un alá lá, que por ser de noite parecía que falaba mais á alma.

En Lisboa pra non se diferenciar a raza, embarcaron logo uns con guitarra, e ó pouco tempo comenzaron a cantar un fado. Interpretei ise canto como un adeus á terra, e fixome recordar o noso Curros Enríquez, pois cantaban:

*«Ao longe sulcando
O espaço
Vae um bando de andurinhas
Que lle levem um abraço
E' muitas saudades minhas.»*

Asín como: «Ô sentir as Xentís andurifias.

Cada terra que deixa cruzar...

Cada milla que o vapor percorre e ollando desde á popa, vendo ó lonxe cada vez mais o punto onde fica a terra e as persoas que se lles quer; séntese o corazón apertado parecendo ficar pequeniño.

O viaxe non pode ser millor, téñese todo pra poder ser feliz; saúde, e bon tempo, mais as saudades non deixan sosegár; é un bichiño que roe... que roe... sen parar, non podendo entretelo por que é mais esperto do que parece; é a única cousa que temos que nos dectarar por vencidos. ¡Vexan sí

é forte que pode dominar a unha raza, que sabe afrontar todo, hastra a fame!

Aquí achei unha moza da provincia de Lugo vestida de «nurse» parecendo unha inglesa e sabendo falar inglés; fai dous anos que pra Inglaterra foi, e xa está aclimatada e acostumada a todo.

¡Raza a nosal

CORONA GONZÁLEZ.

21-1-929.

Himno da arbre froital

(TRADUCCINÓN DO DE MARAGALL)

por XOSÉ IGLESIAS ROURA

Pranta a cantar, canta ó prantar
est'arbre espida.
Prantádoa ben, no Abril verás,
que frorescida!

Chantado quedou;
na terra afincou.
Arbre, prende, prendel
Xa a fror t'anunciou
o amor que t'atende.

Mozos, con ardor
beilade ó redor!

Medra! hale, hale!
Con gayo verdor
Abril te regale!

Ouh! Como louzán,
con verdor galán
medra! Mira, miral
Xa nas pónlas, vãn,
o vento sospiral!

Com'íl, bons irmáns,
fortes, ledos, sáns,
medremos, e ós lumes
das craras mañáns
mocidade: ós cumes!

Pranta á cantar, cantá ó prantar
est'arbre espida.
Prantádoa ben; no Abril verás,
que frorescida!

ANTON NORIEGA VARELA

recolleu en

Como falan os brañegos

Locuzóns, frases, refráns, etc. etc. — 2 ptas.

Home, agora que non está o tempo para todo ocurréuseme facer versos avangardistas. Puidéranme dar moita sóna. Podería chegar a ocupar na lírica moderna galega o posto que ocupou D. Juan de la Cueva y Gomes ¿a tí que che parece?

Fai un mes comencei unhos versos. Hasta agora non me saleu mais que esto:

A NOSA TERRA

Entre lusco e fusco
Hora de sol-por
cheiraba a chamusco .
Preludio de amor.

Si a tí che parecen ben seguirei discurrendo. ¡Anque tarde seis meses! Estes versos *d'avangardo* costa moito traballo facel-os pois non saen así expontáneamente. Xa me dirás o que opinas.

E, meu sol, non é que non teña mais que decirche pero por agora non podó. Tí deixa andar o carro que pol-o visto despois do Maio ven San Xuan.

VÍCTOR CASAS

¡ SEMPRE AS DITOSAS SAUDADES !

Onde hai un anaco de terra sexa ela como for, pódese asegurar que atopamos un galego. Xa chega a parecer que nós nacemos *de xeración espontánea*. ¿Quen non alcontrou algunha vez un galego onde quixo buscalo?

Ainda que sexa n'un areal, buscando moito alá pra un cantinho torcéndose de saudades, desesperado con a morriña da terra, pasando mal, vistindo pior, con fame, pensando nas noites de luar, nos días craros e alegres da primaveira, nas mozas d'aldea, nas festas, nos foliós, nos alalás cantados aconchegadiños a unha cara que os comprende, vindo da festa pr'a cama, despois mais tarde o vran con as colleitas, as segas, sempre cantando entre elas, botando un arrufo que sae d'aqulele castelo de carne semellando unha válvula de seguridade pr'os seus sentimentos. ¡Cantas saudades das noites nas airas! d'aquelas mañáns orvalladas que as follas parecen de prata feitas so pra ser contempladas por ollos meigos e cariñosos, por que cada olladela de un galego é unha caricia surateira, non é ollar descarado, é ollar dulce e meigo; despois o despertar da madrugada o sol acariciando as follas, elas retorcéndose hastra deixar cair o

orvallo feito bágoas pol-o desgosto de se ver desmanchar esperando con pracer a noite próxima.

Mais tarde o outono co'as vendimas e o castañal, cando reina aquela alegría do patrón satisfeito por cada carrada mais, e os vendimadores sempre cantando os seus males e as suas alegrías vivendo felices n'aquela terra de agarimo *que lle poden chamar sua*. O castañal cando os nenos fan o magosto no medio d'aquela beleza decorativa que Dios da ás nosas terras, non alcontrando outras que se lles iguale. ¿Quen non reparou; aquí unha montaña morada; acolá unha montaña vermella; as follas das arbres douradas caíndo devagarciño algunhas veces bicándose no aire demorando en cair como si estivesen en dulce coloquio, ou con medo de mancar a terra que lle vae servir de agarimo?

O inverno chega; todo se recolle pra meditar, a Natureza e a primeira con aquela chuvia miudiña que da o exemplo pra se recoller en si mesmo, porén sempre hai alegría nas noites na lareira e nos fiandós, e a mestura de alegría con morriña que tanto nos caracteriza que a terra e nós poseemos, por iso nos custa a separación por que non

A NOSA TERRA

atopamos terra como a nosa! Asin pensa entre a areia o galego alcontrado!...

Apesar de todos ises pensamentos levamos dentro un espírito emprendedor e desasegado, sin acharnos ben de todo en ningún sitio; querendo ir pra toda a parte sen ter sosego en ningures; si estamos na terra parécenos que é preciso tomar unha decisión, si a tomamos, as saudades roennos as entranas; o amor á terra e ás persoas que queremos, todo se nos lembra con tristes saudades, moitas veces xa temos saudades *de un non sei qué*, e cando non sabemos, *temos hastra saudades; de non ter saudades*. Cada galego e unha saudade en persoa.

Coñezo un señor que foi a Londres: estaba desesperado por que non comprendía nen o comprendían os ingleses, de repente, viu un amolador, deulle un salto o corazón e dixo: o demo me leve si ise home non é d'Ourense, deu un pulo da silla, chamouno; e ficou moi satisfeito por que non se engana-

ra! Nos días que na Inglaterra esteve serviulle de intérprete acompañándoo a todas partes; contoulle a vida, díxolle que cando a morriña o consome moito colle o vapor e marchase.

Aquí alcontrei un paragueteiro: Non hesitei; dixenlle ¿Vostede é d'Esgos? ¿En que mo conoeu? — respondeume — Entabrei unha paroliña, vin logo que estaba satisfeito e alegre, ademiroume bastante, parecéndome un caso raro, tratei de buscarlle a espricación *a ise fenómeno* logo o alcontrei. *Facta oito días que tiña chegado*. Contoume que vae matar as saudades unha vez ó ano, pra poder ter unha vida mais alegre; cando a morriña o aperta moito prepara o viaxe e marcha buscar tranquilidade de espírito.

Con que haxa media dúcia reúnense pra formar unha sociedade pra protexerse uns os outros, e moitos que na Galiza son lindantes e cuase non se falaban, unense cando están lonxe n'un cariño e patriotismo que cuasi estou pra asegurar se querean como irmaos, pois son irmaos na morriña e no infortunio; por que deixémonos de kerias: pra un que consegue trunfar por estas terras, hai millares que morren sen poder polo menos morrer na terríña. Cando vemos un coa sua cadea d'ouro, con un brillante, e dentes d'ouro si nos contase a fame e privacións que pasou, pensariamos que se trataba de unha Odisea. ¡Cantos fixeron eiquí traballos pra conseguir o que tein que ficarían envergoñados si por ahí o soupeisen!

É moi interesante ver como todos se reúnen pra protexerse, fundando o seu «Centro Gallego» mais ainda non fican satisfeitos con iso, a mais, do centro, alugan salas do mesmo edificio do centro pra formar aparte unhas sociedades pequenas de cada Axuntamento; pra axudarse en caso de necesidade, os do mesmo axuntamento si un adoce e non pode traballar, os socios páganlle o pasaxe pra ir curarse na terríña.

Aquí o «Centro Gallego» ten edificio propio; é de dous pisos, na planta baixa está alugado pra comercio pra sacar un rendimentociño; no principal está o centro, tendo un bón salón con escenario pra festas, ornamentado con retratos de galegos ilustres ten outras dependencias, como sexa secre-

Galega, para i-escoita!!

Maria Luz Morales a tua irmá na Patria dirixeches dende «El Sol» de Madri, onde colabora asiduamente, istas verbas que non debes esquecer:

¿Por qué muller culta de Galicia, abandoaches a tua lingua, tan feita para tí e por tí, tan expresiva nos teus labres, tan doce no teu sentir? ¿Que absurda ideia d'unha «finura» falsa, d'un aristocratismo postizo i-arbitrario te leva a desterrala da intimidade do teu fogar, onde seria caricia para o esposo, mimo e canción de berce para o fillo? ¿Como non ves que, vindo da terra, leva en si a mais rancia, a única nobleza, e por ser tua é —para tí, en tí— a mellor, mais graciosa e mais viva? ¿Acaso non sabes que cada lingua que aprendemos é como un novo corazón qu'adequirimos, e que posêr duas lingoas propias, nosas é o mesmo que é ter duas almas?

taria, bar, biblioteca que por certo n'isto non están moi ben, non guarda relación con o centro, apenas uns tomos mal arranxados tirados n'un armario.

A directoría é do mais amable, o presidente é D. Manuel Piedras Martínez, natural de Pontevedra, quen ten feito moito pol-o centro, pero están moi escarmentados

con *os patriotas* que se denominan moitos d'eles escritores, etc., e que tein enganado á directoría, por iso, agora están sempre de pé atrás, desconfiando de todo mundo.

CORONA GONZÁLEZ.

Río de Xaneiro 929.

LUAR D'ESPRITO

Rexurdíu a arte galega despoixa d'un longo silencio tremoroso de xerminacións baixo o signo do Romantismo. Tocada na fronte pol-as alas d'un anxe de malenconía, entón, valor de xuventude, forza de ialma— levántouse ó comenzo aínda sonánbula e lonxano, logo endereitada car'as paisaxes ceibes, cara á realidade superior. O mesmo luar d'esquecemento arrolaba o soño e o despertar: ou millor considerado o meio despertar pois nas razas celtas aínda no cerne do día tremanos arboredos da esperanza íntima un airiño de noite acendedor d'estrelas. Un tecido de rayolas de luar sinala e dibuxa as coordenadas no mapa interior da Galiza. Lúa nas ialmas. O que non quer significar un senso de morte e lembranza sin remedio. Pol-o contrareo. A mesma indecisión luar préstase a total-as inquietudes i-espranzas. A propia silente lume non queima os corpos mais sabe chegar hastra espellarse nas fondas augas interiores, alí onde a luz do sol cezaría.

Talome de Terras solares. Rubén Darío tidoaba así un mollo d'ensayos encol das terras do sul da Iberia. Rubén foi un american—ou seña un meridional a grande escala— mais tamén lle choveron ditosamente sobr'a testa tropical de sátiro das monocóiledoneas as fólernas máxicas do ceo de París. E por elas percibindo un vibrar de ialma nas le-

tras do norte, houbera comprendido á Galiza. Pois a Nosa Terra hai que enxergala pol-os camiños da Europa. E chamaría a Galiza terra lunar.

O sol pinta agora os ácios nos baceiros das ribeiras. O sol chama cando s'asoma á solaina do cume do ceo pol-as pombas das bate-ladas labregas pra botarilles de comer o grau luminoso das doce. O sol preside o traballo. En troques a imaxinación traballa pol-a noite. Tod'o folk-lore está cheo de noite. Noite do medo, noite do pensamento, noite anterior e nai da mañan. Por ser o esprito galego tan amigo e namorado da noite, sempre está disposto a crear novas alboradas. E no seu calendario cóntase por lúas igoal no agro —a lúa tece a sorte das colleitas— que no mar —a lúa rixe, diana e amazona do pazo, as greas de cabalos escumantes da marea.

Luar quer decir: fondura, meditación, ensono, arela, romantismo, misterio. Desfai o mundo a noite e a lúa soilo o organiza asegun os ollos do espectador. O sol clásico impón o mesmo mundo pra todos. Lonxe da Galiza, sentindo o luar decorrer sobre costelas calizas de montañas penso en Galiza, e penso na realidade espirtoal da estadea. Unha das formas do medo creador da que faremos outro día.

T. de A.

dos das vilas poil-os aldeás coidaron de fazer o camiño que o Estado ou a Provinza non lles conceden. Hai os seus peculios particulares fillos de herenzas, da emigrazón ou de traballos realizados fora, nas vilas, mais c'o diñeiro non se mercan froitos nin s'aluga traballo. C'o diñeiro comunal págase ó médico e mail-o maestro en tanto qu'aldea nonos cría de seu. As badeladas da eirexa rixen o vivir da aldea. O crego predica en galego e mantense com'os mais da parroquia. C'o mestre ensiña tamén cántigas e fermosas historias. Todol-os labregos saben d'outa poesía e de feiticeira maxinazón. Curados da doenza do século, do amor ó diñeiro e mais o gosto fora de razón os labregos viven ditosos, n'un ensono continuado e non envexan as casas nin os cafés da cidade. Teñen resoltos todol-os problemas e xa non temen á morte nin pobreza pois

teñen a primeira domeada pol-o exercizo da virtude e pr'os malos anos sempre hai reservas nos cabaceiros e nas tullas. Un vivir cristián e galego que non discutindo ó César o que é do César, da a Deus e a Galiza o primeiro pensamento da mañán.

Fixen iste ensoño ollando na lembranza aquil pobiño alumeado pol-a raiola d'un sol d'abrente. ¡Cando un fato d'homes se deca-tará da verdadeira realidade d'iste baixo mundo! Fálase moito de progreso e de esforzo. O planeta vibra c'un dinamismo cada día mais tenro e menos aturable. ¿Pra qué? Cando unhas poucas aldeas tiveran fé i-esforzo pra vivire conforme a dozura das leis escritas no curazón, figurarían valeiras e sin verdade todol-os problemas do mundo.

FROITOSO TOUZA SERGUDE

Na aldea o 25 de Nadal do 1929.

Nunca se debe perder a esperanza

A vida é así: Lévase sacrificando uns pra beneficio dos outros, e todos loitamos pol-a liberdade conseguíndoa algúns, e outros morrendo cando a inician, e os mais, chega a morte sen ver realizado o seu soño.

Estive en San Paulo visitando o «Instituto Butantan» onde pechan as cobras pra sacarlle o veneno que serve despois pra curar as mordidas das mesmas. Por todo o Brasil quen consegue coller unha viva, léva-a de regalo pr'o Instituto, de modo que alí hay moita crás de cobras.

É intresante reparar nos diversos xeitos, que fan lembrar o estado de ánimo e o *carácter* e *sentimentos* de cada unha. Como aquí fóra *a mais forte é a que ten razón sempre*.

Hay unha cobra que come ás outras, de modo que si non se sabe defender, ou non pode, ve findar seus días na barriga da compañeira, que con certeza lle contaría moita *larola*, pra espricarlle que non ha amizade como a del, e a coitada (debe ser muller) acredita astra que querendo recuar,

non ten mais remedio, por que lle esmagou a cabeza *con moita amizade o cobro mentirán*, pois comeza a comela pol-a cabeza.

Algunhas son atrevidas; lixeiras, astra se me figura *parlanchinas*, pois van de un lado pr'o outro sen parar, e sialcontran algunha no camiño, paran como si fose pra darlle un recado. ¡Quen sabe si non é pra rirse de nós pol-o modo de vestir, e comentar pois na terra d'elas nunca viron aquela xente vestida así! Os que as collen, e os que por lá pasan andan moito mais simples!

Outras viven amodorradas, como si estivesen meditando nos seus e na sua terra querida, parecen estar cheias de saudades e con unha morriña profunda, hay unha sobretodo que se enrosca de unha forma rara, facendo con o rabo un caracol e outro con a cabeza deixando o medio do corpo duro; semella non querer ollar, nin que a ollen, parece difícil *de comprensión*, encambio outras son espertas. Acho que esa dos dois corações vive meditando triste e aburrída, xa parece que perdeu a esperanza

dè loitar pol-a liberdade, xa está resolvida a morrer.

Todas as que alí están, viven esperando a morte, sirven pra sacarlle o veneno: sácanllo, tornan a criar outro, tórnanllo a sacar, e asíñ levan astra que se lle acaben os días de vida.

Outras son cheias de optimismo, paseian, ollan pra nós, parecen non se importar con a liberdade, semellan os caciques que queren estar ben con os deputados da rexión pra chegar ó fin que se propoén, sen se importar con a liberdade, pensan só no seu ben estar, en encher a barriga, tratando de agradar ós superiores, con finximento pra que as deixen andar entre ás outras mostrando superioridade.

As mais semellan d'esas mulleres teimosas que gostan de porfiar con todos, levando a contraria en todo canto se lle diga, non estando a gusto si non cando están implicando con alguén. O guarda cólleas con un pau e elas—pra levar a contraria—van pr'o outro lado, e si alcontran algunha no camiño enróscanse e non queren deixar pasar á outra, si as poén nun buraco, queren rubir no arbore, si as poén no arbore queren ir pr'o buraco.

Había unha que tanto loitou pol-a liberdade que esborrachou a cabeza contr'o muro cando xa estaba perto de alcanzar a liberdade soñada. Si eu estivese n'aquel momento, con que satisfacción daría un empurrón pra que fuxise!

Eles tein todo: casa, comida, etc. más é coma os coitados dos canarios, poden ter a súa gaiola de ouro, bon azúcar, bon baño, todo o que eles non terían fóra ¡mais a liberdade non se troca por cousa algunha! deixen a portíña aberta e verán o paxariño fuxir abandonando todo en troca da liberdade.

Eu acho un crimen o fechar un bidriño privándoo da súa liberdade que todos nós debemos loitar por ela, só por ter un prazér pequeno, en comparación do sacrificio que é pro coitadiño, velo privado da súa familia, da súa dona, da súa terra, e de todo que lle era tan querido, cando vexo unha gaiola, teño bondade de abrir a portíña, figúraseme que o pasariño vae alegre voando e ollando

pra tras decindo adeus de agradecimento. Si eu poidese axudal-o a voar mais depresa, facíao.

Nós que decantamos tanta liberdade, igualdade, etc., vámoslla sacar ós fracos, ós que non se poden defender, vivimos sacrificándooos en beneficio noso, uns só pol-o prazér de regalar a vista, outros por vaidade e outros matándooos pra regalar o estomago é como as cobras trancadas privadas das súas relacións, da familia. ¡Que drama na familia d'elas o día que desaparecen o pai ou a nai ou algún filliño que nunca mais tornarán a ver!

Hay unha cobra que me chamou atención mais que ningunha; vive enroscada, metida n'un canto sin querer mesturarse con as outras: O home cóllea con o gancho e ela non reaxe, déixase coller, volve a caír e fica inmóvil na mesma posición, non quere nin se importa con as outras, *nen fala* con ningunha, nin se move ó ver as persoas ollando pra ela, *parece filosofar* ¡ou quen sabe si non tivo algún desingano amoroso, por que lá debe ser como aquí, sempre a mesma historia! ¡Quen sabe si non deu todo canto tiña: amizade, amor, si non depositou no seu mentirán, todo astra o fondo do seu corazón pra no fin non ser comprendida e nos primeiros pasos, él sacudíu a poeira d'aquilo que él chamaba cariño e amor pra deixar a coitada sumida n'aquel mar de amargura non querendo nen falar! ¡por iso ela vive, metida n'aquel mutismo vivendo só da lembranza. ¡Tambén pode ser que él despois que se víu sin ela e tratou de conocer a fondo as outras compréndese—xa tarde—o valor que tiña a amizade que a súa lle tiña dedicado e tiña tamén lá na terra dél, num canto, triste a procura de unha cobra como él soñou, e a final non alcontrou outra e vive como Dioxenes...!

¡Que tristura estas coitadas cobras sin tornar a saber mais da súa terra nin da súa xente, non léndo un xornal, nin que sexa con censura, nin tein un disco de gramófono donde executen unha muiñeira, un ¡U, jú, jú!! ¡Viva o Bolol! ¡Quen me de un páu doulle un peso!

O único consolo que lle queda, é si por infelicidade colleu unha veciña e veu mo-

ver entre elas no Butantan, que lle pode contar o progreso da terra e as novidades da familia.

Nunca se debe perder a esperanza de que

un día o guarda deixe a gaiola aberta e poda un recobrar a tan deseada liberdade.

A Bordo do vapor «Itanagé» Nadal 1929.

CORONA GONZÁLEZ.

DO MOMENTO

Non sabe ún de certo que pensar das cousas que andan a pasar pol-a Hespaña. ¿Será agora? ¿Non será? Pol-o pronto compre supoñer que pasaron os tempos de dictadura sempre bochornosos para o país que os padece. Si se reproducen, que dín que non, penso que tal como se puxeron as cousas non se permitiría pacientemente como até agora e teríamos que pasar por momentos de revolta que non sabemos até onde nos levarían.

Comenzan os novos gobernantes a destruír casi todo o feito pol-os anteriores. Isto significa que todo o que agora desfais non era lexítimo. ¿En que situación quedan os que defendían o anterior? Os que pregoaban que o único camiño para salvar a Hespaña era o seguido pol-a dictadura.

A primeira cousa que temos que pedir é que cese a tortura monstruosa que significa a previa censura. Seis anos horribres padecemos de castración do pensamento de supeditación ao capricho de xentes que a maior parte das veces nos demostraron unha ausoluta carencia de cultura para saber interpretar as verbas estampadas nas cuartelas. ¡Canta pacencia e canta indignación temos pasado!

¿Voltará todo como estaba antes? ¿Seguirán trunfando por Galicia os mesmos deputados? O artigo 29, as mesmas circunstancias que impedían que pobos como A Cruña poideran elixir un deputado propio, os cunheiros, aqueles procedimentos caci-

quis e aquelas mesmas persoas. Eu non sei, eu non sei...

Hai esperanza de que nas eleccións trunfen as ideas de liberdade. Pénsase n'unha maioría republicana. ¿Serán ilusións ou serán realidades?

E agora ¿que papel representan os upe-
tistas, os concellás que desfilaron pol-os
nosos auntamentos, todas aquelas *fuerzas
vivas* que en cortexo carnavalesco ollamos
desfilar pol-as nosas rúas en mesnada car-
neiril.

¿Que foi d'aquela opinión que sempre es-
taba con él?

Eu vou sentir saudades d'aquelas notas
oficiosas de inserción obrigatoria. Téñenme
feito rir moito.

De todos xeitos a labor aínda está a me-
dio facer. Hespaña non debe contentarse
conque somentes desapareza a dictadura
anque dende logo xa non é pouco. Si nas
eleccións non trunfa a idea de que hai que
renovar todo, homes e normas, estamos
perdidos. Non teremos redención e segui-
remos vivindo n'un país supeditado a ca-
prichos e maniobras personás que ningún
pobo conscente debe hoxe tolerar.

Por fin vou a votar por primeira vega-
da. No meu caso están moitos rapaces que